



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, A FUNDACIÓN INSTITUTO CAMERAL PARA A CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA EMPRESA “INCYDE” E A CÁMARA DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE A CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN DENOMINADO EMPRENDEMENTO E TRANSFORMACIÓN DIXITAL NO SECTOR DO COMERCIO DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO, FORMACION E EDUCACION (POEFE) COFINANCIADO POLO FSE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Sol Mª Vázquez Abeal, directora xeral de Comercio e Consumo , **DECLARA:**

Que esta dirección xeral de Comercio e Consumo ten previsto formalizar coa Fundación Instituto Cameral para a Creación e Desenvolvemento da empresa, Incyde, e coa Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de A Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Fundación INCYDE (*Instituto Cameral para la Creación y Desarrollo de la Empresa*), para o financiamento de gastos correntes en que incurra a Fundación na realización das accións formativas encamiñadas á promover o éxito empresarial e mellorar a súa competitividade. A actividade a desenvolver consistirá nun Programa de formación, Empredemento e Transformación dixital no sector do comercio para a demarcación territorial da Cámara de Comercio de A Coruña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación INCYDE (*Instituto Cameral para la Creación y Desarrollo de la Empresa*) é unha institución dedicada ao fomento e a formación do espírito empresarial, a mellora da cualificación dos empresarios e a creación e consolidación de empresas.

A Fundación INCYDE dispón de metodoloxía, equipo técnico e material necesario para desenrolar Programas Formativos no campo da transformación dixital, que poidan dar resposta as iniquedanzas e iniciativas das persoas as que se refire este Convenio.

A Fundación INCYDE e a Consellería de Economía, Emprego e Industria desexan promover unha serie de accións que incidan directamente na aplicación de novas tecnoloxías e a millora das existentes con obxecto de apoiar iniciativas comerciais no ámbito da demarcación da Cámara de Comercio de A Coruña, como asemade, a actividade competitiva do tecido empresarial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela,

